

## PEZA DO MES

xuño

2011

---



**POUTADA**

XUNTA DE GALICIA

## POUTADA

A cuestión dos pesos de rêde que agora as chumbeiras me parece virem complicar, non será de fácil solución e oxalá eu me engane.

Afonso do Paço (1929)

Con esta afirmación, de hai máis de 80 anos, xa albiscaba o arqueólogo portugués (NOS, tomo 7, n.º 78) as dificultades que a interpretación deste tipo de materiais líticos ía encontrar ao longo do desenvolvemento de todas as investigacións arqueolóxicas e na historiografía do noroeste ibérico.

A peza que hoxe nos ocupa trátase dun canto rodado, ovalado, case circular, de 76 x 67 mm, aplanado, cun grosor máximo de 30 mm e un peso de 202,2 gr. É de cuarcita gris, de gran fino. Sobre os extremos do eixe maior presenta extraccións, realizadas con percusor duro, dous en cada extremo, en forma de lascas duns 25-30 mm, asimétricas nun deles, que producen a ambos os dous lados do artefacto unhas marcas. A peza foi achada en superficie o 17-VIII-1975, xunto a varias decenas similares e numerosos picos "camposanquienses", na praia interior de Camposancos, A Guarda (Pontevedra).

Afonso do Paço, no artigo citado, remóntanos, nun repaso histórico bastante detallado, a unha das primeiras citas de pezas similares: as encontradas por Martins Sarmiento en 1878 nunhas escavacións feitas en Sabroso (publicadas na "Revista de Guimarães" en 1907). Nesta publicación dá noticia da aparición no medio dunha casa do poboado de "umas trinta pedras ovais con dois vergões laterais". Entón non lles atribuíu utilización. Posteriormente encontraron Santos Rocha e Belchior da Cruz "pesos rede" ou "de tear", pero de cerámica e non de cuarcita, tamén na zona norte de Portugal.

Dende entón ata a actualidade é raro o ano que non aparecen na bibliografía prehistórica, etnográfica e antropolóxica de Galicia consideracións sobre estas pezas talladas. Todas suscitaron (sobre todo unidas ás polémicas do pretendido "Camposanquiense-Ancoreense") unha serie de controversias e debates, moitas veces artificiais, que poderíamos sistematizar en catro apartados: nominal, taxonómico, funcional-ergonómico e cronolóxico.

**1º.- Nominal:** As pezas denomináronse de moitas formas. Entre elas destacamos:

Chumbada: coa mesma acepción que chumbeira. Tamén chumbado ou gornecido de chumbo. Conxunto de plomos que se pon nas redes de pesca ou pedra que se coloca no externo do palangre. Pedra empregada para axitar a auga.

Chumbeira: chamadas así por substituír o chumbo (máis caro e que se perdía doadamente). Existe ademais con este nome un esparavel, rede redonda provista de plomos en toda a súa circunferencia.

Molada: peso atípico usado nos ríos Miño e Lonia.

Pandullos: pesos de grandes dimensións.

Pesos de pedra con entalles para pesca.

Pesos de rede: acepción moi xeneralizada.

Pouta= potala, poita (en port.)

Poutada: é a denominación máis popular e estendida, tanto en Galicia, zona da Guarda, como no norte de Portugal.

Poutadiña: as menores

"Poutão": potala grande, pedra ou calquera corpo pesado para facer fondear ou ancorar (port., de "etimoloxía controversa" (1813 Morais) segundo o D.Etim. de Machado)

Zambullos: pesos de pedra ou de ferro para fixar redes.

Ademais doutras espaxadas en dicionarios e monografías de pesca.

**2º.- Taxonómico:** Existen varios intentos clasificatorios, uns funcionais e outros morfolóxicos, dos cales citaremos dous:

a) Clasificación funcional de do Paço (segundo pescadores de Carreço, 1929):

Chumbeiras clásicas:

Chumbeiras de luciña: son as máis pequenas e empréganse na pesca de peixes miúdos (luciña).

Chumbeiras de faneca: intermedias para peixes medianos.

Chumbeiras de congro: usadas para peixes máis grandes.

Chumbeiras moi pequenas ou de 8, que se usarían na pesca a liña.

b) Clasificación morfolóxica de Brandão e Lanhas (1971):

– Tamaño: pequeno (menos de 7 cm); medio (de 7 a 10 cm) e grande (de 10 ou máis cm).

– Posición dos lascados ou entalles:

Tipo I. Entalle nos bordos opostos segundo eixe transversal.

Tipo II. Entalle nos bordos opostos segundo eixe lonxitudinal.

Tipo III. Entalles oblicuos.

Tipo IV. Entalles en cruz.

– Tipos de entalles ou de lascados: divididos en 11 tipos (ver figura).



Algunhas pezas poderían corresponderse a máis dun tipo ou ser intermedias.

Como pode apreciarse esta fina clasificación taxonómica-nomenclatural das pezas líticas que nos ocupan non produce realmente ningún avance práctico no seu coñecemento, quedando, na nosa opinión, nun nominalismo puro.

A peza exposta correspondería nesta clasificación a: Tamaño medio, tipo II, A.

**3º.- Funcional- ergonómico:** Salvo algúns autores que negaron en principio que estes cantos tallados, cos seus escotes, ao ter sido encontrados "en castros afastados da costa ou de cursos de auga importantes e en lugares altos" (castros de Santa Tegra, Vigo, Fozara, Troña, Forca, Coto da Caldeiriña), tivesen que ver coa pesca e as redes e que debían de ser "pesos de tear", o resto da bibliografía asimílaos a "pesos de rede" e ao aproveitamento ictiolóxico mariño e fluvial.

Numerosas artes de pesca mariña, sobre todo de tipo palangre e palangrillo, que empregan varios anzois, pesos e flotadores, e certas redes como a sardiñal (para a pesca da sardiña, sobre todo de noite), a rapeta (para sardiña e peixes semellantes), a volanta (para abadexo, pescada, etc.), o beta ou embalo (para cabala, muxe e outros), varios angarellos, o trasmallo, a cazoeira, as redes de pións, a raeira, etc...etc...,



todas elas tradicionais, así como todo tipo de nasas, usan pesos. Estas empregan para fixar o enxeño cara ao fondo ou ben elementos de metal ou chumbo (chumbeiras s.str.) ou ben as máis económicas "poutadas", confeccionadas con pedras do entrono (cuarcitas, granitos, etc.), e en cuxas entalladuras se suxeitan as sedelas ou cabos de rede, unidos ou non á súa vez a anzois e flotadores.

En canto ao uso de pesos de rede nas artes de pesca fluvial, está igualmente moi ben documentado: redes como a lampreira, a salmoeira, o alxerife, a sacada, a solleira, a sabaleira, a barreadeira, o trallo, a volanta, etc...etc... Ou nasas de tipo boitirón (para a lamprea) en pesqueiras ou tipo cabeceira (arte fixa do R. Miño para salmón ou zamborca), usaban á súa vez de pesos de rede ou "poutadas".

Na parroquia de Velle, nos ríos Miño e Loña (nas proximidades da cidade de Ourense) foi tradicional, ata mediados do século XX, simultaneamente a agricultura coa pesca: os pescadores usaron pesos de rede en chumbeiras, barreadeiras, sabaleiras, etc... para capturar todo tipo de peixes de auga doce e emigrantes. As nasas de tipo boitirón, frisga, nasón... (sobre todo para anguías) facíanse pousar sobre os fondos cunha "molada" (peso atípico en forma de cilindro cunha entalladura circular na súa metade: Tipo J de Brandão e Lanhas).

A 50 m da desembocadura do río Loña no Miño, en época de escaso caudal, no leito do río, encontramos recentemente (2009) unha enorme poutada, de 1.600 gs. de peso. Tamaño grande, Tipo I-B-, que puido ser usada como áncora

ou nunha nasa grande polos pescadores desta parroquia ourensana.

**4º.- Cronolóxico:** Unha vez descartadas recentemente as cronoloxías descontextualizadas que levaron a dous "fósiles guía" (picos camposanquienses e poutadas) a ser atribuídos a épocas remotas e aínda sen resolver moitos problemas deste mundo das industrias líticas do noroeste Ibérico costeiro, podemos resumir a atribución cronolóxica destes artefactos en dúas etapas.

A etapa na que picos e pesos de rede se atribúen ao Paleolítico-Mesolítico. Así a atribúen ao "Languedocense" (cultura intermedia entre o Achelense e o Musteriense) do litoral Miñoto: Zbyszewski (1957, 1966 e 1974) que encontra "pesos de rede" xunto a "picos de base longa" e "picos protoasturienses"; Breuil et al. (1962) que describen xunto a picos "seixos tallados en extremidades opostas ou sobre vos bordos laterais", e Veiga et Leitão (1981) que localiza picos de base longa xunto a pesos de rede. Sitúannos no Asturiense do litoral Miñoto (picos e poutadas) os mesmos autores e algún outro como Maury (1977).

Mostraron anteriormente o seu desacordo con estas cronoloxías Mergelina (1939) e Fernández Rodríguez (1955), os cales os insiren na cultura castrexa.

Hai que sinalar que todos os materiais procedían de coleccións selectivas (escolliáanse as pezas máis notables) e de achados en superficie e nunca de escavacións sistemáticas. Son excepción Mergelina e Fernández Rodríguez, cuxas pezas proceden de castros e escavacións.

Hai unha segunda etapa, a actual, na que os picos e pesos de redes deixan de ter cronoloxías paleolítico-mesolíticas. Hoxe considérase que todo o conxunto de industrias líticas encontradas ao aire libre e en superficie na costa suroeste de Galicia e norte de Portugal son un conxunto heteroxéneo, tanto cultural coma cronoloxicamente, e representan unha acumulación casual e diacrónica de artefactos utilizados nunha área reducida. Aínda que algunha peza sería atribuíble ao Achelense, os clásicos "picos asturienses", que sempre actuaron de "fósil director" comparados cos asturienses cantábricos, non son coincidentes e moitos representan reutilizacións de pezas anteriores. Así o chamado "Camposanquiense-Ancoreense" sería un conxunto mesturado de diferenres culturas e tempos. Algúns autores afirman "que certos tipos de útiles, como os pesos de rede, adaptados aos condicionamietos impostos polo medio, foron elaboradas polas comunidades mariñeiras da zona ata os nosos días" (...). Este extremo foi confirmado, cos habitantes da Guardia, en enquisas realizadas cara 1985, nas que falan de útiles de pedra e técnicas de talla empregadas abundantemente ata a metade do século XX. Este dato confírmase no interior de Galicia cos encontrados nos métodos de pesca fluvial.

Creemos que a "poutada", na súa variada morfoloxía, se estende nunha cronoloxía ampla, dende o nacemento da pesca instrumental no Paleolítico Superior-Mesolítico (arpóns madalenienses, azilienses, uso de redes, anzois, flotadores, etc.) ata o século XX, no que morre a vida tradicional.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:  
<http://www.musarqourense.xunta.es>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**Teléfono** : 988 230 430

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9.30 a 14.30h  
16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h  
luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

**Teléfono**: 988 223 884

**Horario de atención ao público**: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA  
DE GALICIA